



Confederación Intersindical Galega
ENSINO

Secretaría Nacional

Rúa Miguel Ferro Caaveiro, nº 10, 1º

15703-SANTIAGO

Tlfn.: 981-576800

Fax: 981-575839

Correo electrónico: galiza@cig-ensino.com

A CIG esixirá na entrevista co Conselleiro a retirada das bases presentadas pola Xunta.

O sindicato nacionalista anuncia que a folga vai ser un novo éxito dos que queren a nosa lingua.

A CIG-Ensino está convocada a unha reunión co Conselleiro de Educación este marte, día 19, a unha hora (18.30 do serán) totalmente improcedente e inxustificábel, co fin de que a nosa posición, como sindicato maioritario, pase o máis desapercibida posíbel ante a opinión pública. Convite que só podemos entender como un lavado de cara e unha escusa perversa para intentar darlle cobertura social a unha proposta que o único que persegue e reducir o ensino en galego. É, unha vez máis, un intento desesperado para intentar reducir a incidencia da folga e desmobilizar a sociedade galega o día 21 contra o decretazo. Mais será, de novo, un intento fallido, pois neste momento todos os datos apuntan a un apoio masivo entre docentes e alumnado, co importante apoio de moitas ANPAS.

Esta rolda de contactos se autodesacredita ao poñer ao mesmo nivel organizacións maioritarias, con representación contrastada, con outras de dubidosa ou insignificante representatividade ou organizacións fantasmas que se caracterizan por combater ao galego como “Galicia Bilingüe” ou “Mesa por la Libertad Lingüística”. O sectarismo da Consellaría e uso partidista de Administración, lévaos a deixar fóra destes contactos a entidades que se caracterizan polo compromiso coa normalización lingüística como os Movements de Renovación Pedagóxica (AS-PG e NEG) ou outras moitas entidades de distintos ámbitos e probada proxección como a Plataforma “Queremos Galego” que veñen mostrando a súa preocupación pola actitude antigalega do goberno do PP.

A CIG-Ensino acudirá a esta reunión para trasladarlle persoalmente ao Conselleiro Jesús Vázquez a postura que xa coñece, pois esta organización sindical sempre se pronunciou claramente pola aplicación do Plan Xeral de Normalización lingüística e polo mantemento do Decreto 124/2007 e a súa aplicación efectiva. Cuestión que lle será reiterada ao tempo que esixirá a retirada das *Bases para a elaboración do decreto do plurilingüismo no ensino non universitario*, xa quen non aceptaremos ningunha proposta que signifique algún retroceso do lexislado até de agora en relación coa normalización lingüística.

A CIG-Ensino ven comprobando ao longo destes días que o profesorado galego non só rexeita completamente as bases presentadas por Educación, senón que considera unha burla á súa profesionalidade este intento descarado de eliminar o noso idioma do ensino, trasladando aos centros conflitos innecesarios e impondo un debate fraudulento verbo da aprendizaxe do inglés. As profesoras e os profesores galegos rexeitan a falacia do trilingüismo, pois incidirá no incremento do fracaso escolar, provocará que haxa centros de primeira e de segunda, creará agravios comparativos entre o profesorado e de ningunha maneira se vai traducir no incremento da aprendizaxe do inglés.

Por todos estes motivos as profesoras e os profesores veñen manifestando o seu apoio á folga, decisión que supuxo que organizacións sindicais como CCOO, que non aceptaron convocar nin apoiaban a folga, tivesen que manifestarse en prol dela tres días antes, unha vez que comprobaron o apoio que entre o profesorado tiña a convocatoria da Plataforma Queremos Galego, da que a CIG forma parte...

Secretaría de Prensa da CIG-Ensino

18 de xaneiro de 2010